

CONCURSO DE DESEÑO DO LOGOTIPO DA “MESA DE SAÚDE LOCAL DE ARES”

1. Obxecto do concurso

A Mesa de Saúde Local de Ares convoca o Concurso de Deseño de Logotipo co obxectivo de crear unha identidade gráfica propia que represente os valores de participación cidadá, saúde comunitaria e traballo en rede, contribuíndo así ao posicionamento e recoñecemento da Mesa dentro da comunidade aresá.

O logotipo servirá como imaxe identificativa da Mesa en todos os soportes de comunicación (cartelería, redes sociais, documentos oficiais, materiais divulgativos, etc.) que empregue.

2. Persoas destinatarias

Poderá participar toda a veciñanza, de forma individual ou colectiva (asociacións, centros educativos, profesionais do deseño, etc.).

No caso de participantes menores de idade, requirirase autorización paterna/materna ou do/a titor/a legal.

3. Requisitos do deseño

O logotipo deberá ser **orixinal e inédito**.

Deberá representar visualmente os valores da saúde comunitaria, colaboración e benestar social.

Debe incluír de forma visible as palabras:

- “Mesa de Saúde Local de Ares” ou “Mesa de Salud Local de Ares”.
- “REGAPS”.

Formato: circular ou cadrado.





Deberá entregarse:

- En versión a cor, cun máximo de 4 cores na súa composición cromática, e versión monocroma (branco e negro).
- En formato vectorial (AI, SVG ou PDF editable) e PNG ou JPG.
- Cunha resolución mínima que garanta o seu emprego e lexibilidade en contexto dixital e analóxico.
- Paletas de cor indicadas en RGB e CMYK.

4. Documentación a presentar

Cada proposta deberá incluír:

1. O **deseño do logotipo** nos formatos indicados.
2. Un **texto explicativo** do concepto (máx. 200 palabras).
3. **Nome e apelidos do autor/a ou colectivo**, e **datos de contacto** (correo electrónico e teléfono).
4. No caso de menores, autorización asinada.
5. (Opcional) Mostra de aplicación en diferentes soportes (carteis, redes, folletos...).

6. Forma e prazo de presentación

As propostas deberán remitirse por correo electrónico a aressaudable@gmail.com indicando no asunto: "Concurso Logotipo Mesa de Saúde Local de Ares".

O prazo de presentación estará aberto ata o 17 de novembro de 2025 (incluído).

7. Xurado e criterios de valoración

As propostas serán avaliadas pola Mesa de Saúde Local de Ares, que integra a representantes do Concello, do ámbito sanitario, educativo, social e cultural, tomando coma referencia os seguintes criterios de valoración:

- Orixinalidade e creatividade.
- Adecuación aos valores da Mesa e REGAPS.



- Claridade visual e lexibilidade.
- Aplicabilidade práctica en distintos formatos.
- Cumprimento dos requisitos técnicos e formais.

O xurado poderá declarar deserta a presente convocatoria do concurso se non se reúnen os criterios mínimos de calidade que esixe o logotipo.

8. Premios

Só haberá un único gañador ou gañadora, que poderá seleccionar un dos tres seguintes premios:

- A) Bono por unha actividade náutica (*paddlesurf* ou *kaiak*) no Club Marítimo de Redes para dúas persoas dunha hora e media de duración (1,5 h.).
- B) Bono anual para asistir de balde ao ximnasio municipal.
- C) Premio metálico por valor de 150 € para investir no comercio local de Ares.

9. Dereitos de uso e propiedade intelectual

O logotipo seleccionado pasará a ser propiedade do Concello de Ares e da Mesa de Saúde Local, que poderán utilizalo, reproducilo ou adaptalo para os seus fins institucionais.

A cesión realizarase con carácter exclusivo, indefinido e gratuito, recoñecendo a autoría orixinal.

As persoas participantes deberán garantir que as súas creacións son orixinais e non infrinxen dereitos de terceiros.

10. Publicación de resultados

O fallo do xurado farase público durante o mes de decembro de 2025.

O resultado publicarase nas canles oficiais do Concello de Ares e comunicarse persoalmente á persoa gañadora.





11. Autorización tratamento de datos e imaxe

O Concello de Ares, como responsable do tratamento, informa de que os datos que nos faciliten voluntariamente en relación coa participación neste concurso serán tratados coa finalidade de participar e entregar os premios da actividade CONCURSO DE DESEÑO DE LOGOTIPO PARA A MESA DE SAÚDE LOCAL, estando lexitimado para iso polo consentimento que os participantes expresamente nos outorgan coa inscrición na mesma.

Os datos e imaxes recompilados serán tratados única e exclusivamente coa citada finalidade e non serán cedidos ou comunicados a terceiros, agás o nome da persoa gañadora, que poderán ser expostos na web e nas redes sociais do Concello.

Os datos persoais das persoas participantes destruíranse unha vez rematado o concurso.

Todas as persoas participantes teñen dereito a solicitar, en calquera momento, o acceso, rectificación, cancelación ou supresión, oposición ou a limitación do seu tratamento ou cancelación de datos. Estes dereitos poderán exercelos mediante solicitude remitida ao Concello de Ares. Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

12. Aceptación das bases

A participación no concurso implica a plena aceptación destas bases e das decisións do xurado, que serán inapelables.

